

francés) e os seus coñecementos musicais eran moi notables.

Cando as tropas napoleónicas invadiron España, o padre Martínez Ferro, que se encontraba en Madrid, tomou inmediatamente partido contra os afrancesados. Despois da batalla de Ponte Sampaio refuxiouse en Galicia —a súa vida corría perigo—, proseguindo dende Caldas e Santiago a loita mediante publicacións periódicas, opúsculos, etc. Desta época é *El militar enfrailado*, publicado na Coruña en 1813. O seu labor foi recompensado, tralo regreso de Fernando VII, con varios cargos, entre eles os de predicador da súa maxestade, consultor da Nunciatura e conselleiro da Suprema e do Consello e Cámara.

Dentro da orde da Mercé, desenvolveu un traballo de reorganización e elaboración dun novo plano de estudos, promulgado no capítulo xeral de El Puig (1817). Perseguido polos constitucionais, que non lograron atraelo á súa causa, foi desterrado a Segovia; pero seguiu publicando, clandestinamente, *Defensa cristiana católica de la novísima constitución de España*. Máis tarde dirixiu *El Restaurador*, periódico oficial, rigorista e de corte inquisitorial, segundo a apreciación de M. Revuelta. Tamén é obra súa o plano de estudos que, en 1824, reorganizou as universidades, así como a defensa do Goberno español en América. Varios dos seus escritos políticos circularon por Europa, co apoio oficial. En 1825 o rei propúxoo para bispo de Málaga, de aí que Guillermo Vázquez apuntase que, debido á súa influencia, moitos pensaron que o bispado era un medio discreto de afastalo de Madrid.

Manuel Martínez Ferro publicou, entre outras obras, *Sermón que a la publicación de la bula de la cruzada dixo en la iglesia catedral de Segovia...* (Segovia, 1797), *Discurso* (Cádiz, 1812), *El clero vindicado* (A Coruña, 1813), *Unión y fuerza* (A Coruña, 1813), *El militar enfrailado* (A Coruña e Madrid, 1813), *Discurso de la potestad civil del clero para diputados a Cortes* (A Coruña, 1814), *Único remedio para la conversión de los nuevos judíos españoles* (Madrid, 1814), *Los famosos traidores refugiados en Francia* (Madrid, 1814), *Exequias reales* (Madrid, 1814), *Ratio studiorum* (Madrid, 1819), *Real decreto y plan de estudios* (Santiago de Compostela, 1824) ou *Gobierno de España en América y la frailomanía* (Alcalá, 1821).

[Lois Vázquez Fernández]

**MARTÍNEZ LAGE, José Manuel.** Médico nacido en Betanzos (A Coruña) o 9 de xullo de 1935. En 1959 licenciouse en Medicina e Cirurxía na Universidade de Santiago de Compostela e, dende ese momento, centrou a súa actividade na Facultade de Medicina da Universidade de Navarra, institución na que se doutorou e fundou, en 1967, o Departamen-



José Manuel Martínez Lage

to de Neuroloxía; anteriormente especializárase nesta materia en París e en Londres.

É un dos membros destacados da neuroloxía española na segunda metade do século XX, presidiu a Sociedade Española de Neuroloxía entre 1979 e 1981 e ocupou, ademais, este e outros postos directivos noutras das numerosas sociedades científicas nacionais e internacionais das que forma parte. Nos últimos anos a súa actividade investigadora centrouse nas enfermidades de párkinson, de alzheimer e na epilepsia. Froito dos seus estudos, publicou numerosos artigos e varios libros, entre os máis recentes pódense citar *Alzheimer XXI, ciencia y sociedad* (2001) ou *Motilidad y envejecimiento: sistema nervioso y aparato locomotor* (2004).

Ó longo da súa carreira recibiu distintos premios, entre os que cabe salientalo que lle outorgou a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e a Cruz da orde civil de Afonso X o Sabio.

**MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón.** A biografía deste destacado lingüista e historiador da literatura, que naceu en Boiro (A Coruña) o 4 de abril de 1907 e faleceu en 1989, está marcada pola súa dedicación á ensinanza, á investigación e pola súa inequívoca traxectoria galeguista, actividade esta última condicionada polo exilio ó que se viu obrigado como consecuencia da Guerra Civil española. Antes da saída forzosa do seu país natal, Martínez López licenciouse en Dereito e en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, en 1927 e 1929, respectivamente, e doutorouse en Dereito pola de Madrid, en 1936; desempeñou a cátedra de Lingua e Literatura españolas no instituto de ensinanza media de Lugo, entre 1930 e 1933, e opositou ante a Xunta de Relacións Culturais do Ministerio de Estado á cátedra

de Lingua e Literatura españolas no Instituto de España en Lisboa, que rexentou entre 1933 e 1936; neste mesmo trienio foi encargado do curso de Literatura Comparada Hispano-Portuguesa na Universidade de Lisboa e secretario xeral da Exposición do Libro Español en Lisboa; en 1936 e 1937 foi agregado cultural das embaixadas de España en Lisboa e París e conferenciante na cátedra de Marcel Bataillon na Universidade de Alxer. Mentres tanto, cultivou a amizade con Valle Inclán e Unamuno, foi discípulo de Américo Castro no Centro de Estudos Históricos de Madrid e agregado cultural da embaixada española en Lisboa con Sánchez Albornoz, polo que puido participar na polémica mantida por estes dous historiadores sobre a historia de España. Ó mesmo tempo, dedicouse á organización do movemento galeguista, pois tomou parte na fundación do Seminario de Estudos Galegos (1923) e na do Partido Galeguista (1931), causas ás que se entregou ardentemente.

A andaina de exiliado de Martínez López iniciouse en Francia, de onde, despois de participar na Guerra Civil co bando republicano como tenente de carabineiros, se trasladou á Arxentina en 1939; tralas lóxicas dificultades iniciais, fíxose cargo da Biblioteca Municipal de Pergamino e foi aceptado como investigador no Instituto de Filoloxía da Universidade de Bos Aires, baixo a dirección de Amado Alonso. A partir de 1940 desenvolveu toda a súa actividade docente e investigadora nos Estados Unidos como catedrático de Filoloxía Española na Universidade de Texas (1940-71) e como profesor visitante e membro do Seminario de Estudos Medievais na Universidade de Wisconsin (1941-42), ademais de profesor visitante de Lingua e Literatura españolas e Portuguesa nos cursos de verán das universidades de Novo México, Porto Rico,



Ramón Martínez López



Denver e Middlebury College (Vermont). Tamén foi membro do Centro de Estudos Filolóxicos de Lisboa, da Academia Medieval de América, do Instituto Internacional de Literatura Iberoamericana, da Asociación de Linguas Modernas da Asociación Americana de Profesores de Español e Portugués, director do Departamento de Linguas Románicas da Universidade de Austin, etc.

Ó seu regreso do exilio americano, en 1971, incorporouse de novo á vida política e intelectual galega e ocupou os cargos de membro do Padroado da Fundación Otero Pedrayo, de presidente da comisión xestora do novo Seminario de Estudos Galegos, de membro do Padroado da Universidade de Santiago, de presidente, en 1978, e presidente de honra, en 1980, do Partido Galeguista, de membro asesor do Consello da Cultura Galega da Xunta de Galicia, de secretario do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento durante o período 1977-78, etc. En 1976 pronunciou o discurso de entrada na Real Academia Galega, "Contribucións norteamericanas ao estudo da cultura medieval galega".

En canto á súa ampla bibliografía, resultado case toda ela das súas investigacións sobre a lingüística galega, hai que destaca-la edición, introdución lingüística, notas e vocabulario de *General estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.Li. del Escorial*, publicada pola Universidade de Oviedo. Esta versión, realizada na primeira metade do século XIV, é moi importante porque, sendo a obra de maiores pretensións históricas de Afonso X o Sabio, houbo un momento no que pasou por se-la obra orixinal. Publicou, ademais, *La literatura gallega en el exilio* (1976) e diferentes artigos sobre autores ou temas literarios e filolóxicos en revistas americanas e galegas. Algúns dos personaxes sobre os que escribiu foron Valle Inclán ou Alfonso Álvarez de Villasandino, poeta que aparece no *Cancionero de Baena*. Así mesmo, elaborou artigos sobre Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Alfonso López Vieira, Joaquim Teixeira de Pascoaes, Eduardo Pondal, Cesáreo Verde, Manuel da Silva Gaio, António Correira de Oliveira e Augusto Gil en *Columbia Dictionary of Modern European Literature* (Nova York, 1947). [Xosé Ramón Fandiño Veiga]

**MARTÍNEZ MARZOA, Felipe.** Nacido en Vigo (Pontevedra) o 8 de outubro de 1943, licenciouse en Filosofía e Letras na Universidade Complutense de Madrid, onde en 1982 se doutorou cunha tese sobre a teoría do valor en Marx. Converteuse logo nun dos filósofos máis destacados de España, especialmente no



Un libro de Felipe Martínez Marzoa.

campo da historia da filosofía. Dende marzo de 1986 é catedrático na Universidade de Barcelona, pero anteriormente ocupara xa distintos postos docentes nas universidades de Santiago de Compostela, Murcia e Córdoba. O seu primeiro libro *Historia de la Filosofía* (Madrid, 1973), en dous volumes, foi un manual moi apreciado e difundido entre estudantes e estudiosos. A este título seguíronlle outros como *Iniciación a la filosofía* (1974), *De la revolución* (1976), *Ensaio marxistas* (1978), *Revolución e ideología* (1979), *(Re)introducción ó marxismo* (1980), *La filosofía de El capital de Marx* (1983), *El sentido y lo no-pensado: apuntes para el tema "Heidegger y los griegos"* (1985), *Desconocida raíz común: estudio sobre la teoría kantiana de lo bello* (1987), *Heráclito-Parménides: bases para una lectura* (1987), *Releer a Kant* (1989), *De Grecia y la filosofía* (1990), *Cálculo y ser: aproximación a Leibniz* (1991), *De Kant a Hölderlin* (1992), *Historia de la filosofía I e II* (1994), *Hölderlin y la lógica hegeliana* (1995), *Historia de la filosofía antigua* (1995), *Ser y diálogo. Leer a Platón* (1996), *Lengua y tiempo* (1999), *Heidegger y su tiempo* (1999) e *Lingüística fenomenológica* (2001). Ademais, traduciu do grego ó galego *Antígona* de Sófocles (1976) e pasou do alemán ó castelán o libro de Kant *La religión dentro de los límites de la mera razón* (1969), e *Ensayos*, de Hölderlin (1976). Así mesmo, publicou numerosos artigos en revistas especializadas e participou en varios libros colectivos.

A temática do seu labor investigador e

das súas publicacións está, en xeral, dentro do ámbito da historia da filosofía, aínda que tamén ten conexións con campos como o da lingüística e a filoloxía, en especial da Grecia antiga.

**MARTÍNEZ DE MONTÁNCHÉZ, Alonso.** Nacido na cidade portuguesa de Chaves, Alonso Martínez é un dos máis destacados escultores do activo núcleo artístico de Ourense nos anos finais do século XVI e, a pesar diso, a súa personalidade artística foi practicamente descoñecida ata o momento en que se identificou como o autor do cadeirado do coro do mosteiro de Montederramo. A partir de entón a súa actividade escultórica foise afirmando pola aparición de numerosas obras, nas que colaborou un activo taller, cuxo membro máis preclaro foi Francisco de Moure, admitido como aprendiz por Alonso Martínez en 1594, feito que indica que o escultor establecera xa un taller e que gozaba dunha certa fama no ambiente artístico de Ourense. A súa primeira obra coñecida e documentada é a continuación do retablo da igrexa de Nosa Señora dos Remedios en Vilamaior (Verín, Ourense), que deixara inconcluso á súa morte Juan de Angés o Mozo.

Dende 1597 ata 1615, ano no que morreu, Alonso Martínez levou a cabo unha dilatada actividade, xa que nese curto período de tempo se ten noticia, polo menos, dunhas vinte obras súas. Non obstante, pouco se sabe sobre a súa orixe e as súas vinculacións artísticas, polo que é moi difícil establecer con seguridade unha relación de aprendizaxe ou un contacto con outros artistas que permitise coñecer-las fontes do seu estilo.

Pertence ó último terzo do século XVI,

